

Bases da convocatoria dos Premios aos mellores PFC de desenvolvemento en aplicativos libres para a localización (I10n)

A «*Asociación Cultural para a Galeguización de Software Libre Proxecto Trasno*», ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e as asociacións galegas de Usuarios de Software Libre, realiza a convocatoria dos Premios aos mellores PFC de desenvolvemento en aplicativos libres para a localización (I10n). Coa concesión destes premios preténdese incentivar o desenvolvemento de software libre orientado á creación e mellora de ferramentas para o apoio da localización.

Beneficiarios

Poderán optar aos premios os estudantes universitarios con proxectos de fin de carreira presentados durante os cursos académicos 2010-2011 ou 2011-2012, relativos aos campos da localización e a tradución xa sexa de software ou de documentación, ou de apoio lingüístico ao galego, podendo tamén seren aplicábeis a calquera outro idioma.

Os proxectos deberán contar cunha implementación funcional publicada baixo licenza libre compatíbel coa GNU GPL segundo a FSF. E empregarán ineludiblemente tecnoloxías libres e estándares abertos.

Tamén poderán concorrer aos premios aqueles proxectos aínda non presentados, pero que contén cun anteprojecto e cunha implementación de software funcional.

Candidaturas

O prazo de envío de candidaturas está aberto ata o 4 de novembro de 2011. As candidaturas deberán realizarse mediante o envío de mensaxes de correo electrónico ao enderezo info@trasno.net e terán que incluír a seguinte documentación:

- Título do proxecto
- Resumo do proxecto (mínimo 300 palabras, máximo 500 palabras) destacando os méritos
- Nome e apelidos do autor ou autora
- Datos de contacto do autor ou autora (teléfono, correo-e)
- Datos do director ou directora do proxecto
- Carta do director apoiando a presentación ao premio
- Enderezo onde se aloxa o código (preferibelmente un sistema de xestión de versións de código fonte)

Premios

Concederanse dous premios, un dunha contía de **600€** e outro de **400€**.

Ámbolos dous premios poderán considerarse desertos polo xurado, en caso de que este considere que ningún dos proxectos solicitantes ten calidade abondo, ou no caso de non presentarse ningún proxecto.

Xurado

O xurado do premio estará composto por:

- Profesores das Universidades de Vigo (e/ou) Santiago (e/ou) A Coruña, vinculados á lingua e as tecnoloxías libres.
- A administración pública patrocinadora poderá nomear un membro adicional para o xurado.
- Actuará como secretario do xurado o secretario da A.C. Proxecto Trasno.
- O secretario do xurado non terá nin voz nin voto nas deliberacións do xurado.
- Por imposibilidade de concorrencia do secretario da A.C. Proxecto Trasno, o secretario do xurado poderá ser calquera outro membro da xunta de goberno da A.C. Proxecto Trasno.

Criterios de avaliación

O xurado tomará as súas decisións en base, entre outros, aos seguintes criterios:

- Calidade e orixinalidade.
- Inexistencia de solucións de software libre con capacidades semellantes. Ou mellora substancial dalgunha solución xa existente.
- Emprego de tecnoloxías libres e estándares abertos.
- Utilidade para a localización de software e documentación libres.

Procedemento

As candidaturas admitidas serán analizadas e valoradas polo xurado de acordo, entre outros, cos criterios establecidos nas bases.

Trala pertinente deliberación, o xurado decidirá a que proxectos se lles conceden os premios, podendo declarar os premios desertos de non haber candidaturas, ou non ter estas unha calidade axustada ás bases.

A decisión do xurado será inapelábel. Enténdese que o feito de presentar unha candidatura aos premios supón a aceptación expresa destas bases.

A resolución do xurado publicarase durante un acto público o día 9 de novembro de 2011.